



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO PARA A REALIZACIÓN DUN CIRCUITO TEATRAL A NIVEL AUTONÓMICO E FESTIVAL AGUSTÍN MAGÁN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Federación Galega de Teatro Afeccionado o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Federación de Teatro Afeccionado para a realización do circuío teatral a nivel autonómico e festival Agustín Magán.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto é a Federación Galega de Teatro Aficionado a que representa a 53 agrupacións teatrais representativas das catro provincial galegas e a través dela a única forma de achegar o teatro a todas aquelas vilas galegas, que non poden contar cunha programación teatral.

Por todo o anterior é a Federación de Teatro Aficionado a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, xa que agrupa 53 agrupacións teatrais representativas das catro provincias galegas, o que constitúe a maior estrutura teatral organizada e denota o interese dos grupos galegos en traballar nunha mesma dirección.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

